

1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCCIÓNS:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva (a C11 á C12), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPONSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinala na "FOLLA DE RESPONSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- En caso de erro tipográfico ou de transcripción entre o texto editado en galego e o editado en castelán, do cuestionario bilingüe, prevalece este último aos únicos efectos da súa comprensión lóxica, sen prexuízo das aclaracións vinculantes que de viva voz poida advertir o tribunal durante a realización desta proba. Así mesmo, algúns termos técnicos, neoloxismos ou outras expresións de difícil correspondencia na tradución, poderán expresarse de maneira unívoca.
- 9.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario baixo o seu asento e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPONSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPONSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. A retribución das condicións particulares dalgúns postos de traballo en atención a súa especial dificultade técnica, dedicación, responsabilidade, incompatibilidade, peligrosidade ou penosidade, realízase mediante:

- A) O complemento de produtividade.
- B) O complemento de destino.
- C) O complemento específico.
- D) O complemento de atención continuada.

2. Os servizos sanitarios, así como os administrativos, económicos e calesqueira outros que sexan precisos para o funcionamento do Sistema Nacional de Saúde, adecuarán a súa organización e funcionamento, conforme ao indicado no artigo 7 da Lei 14/1986, do 25 de abril, Xeral de Sanidade, aos principios de:

- A) Boa fé e universalidade.
- B) Eficacia, celeridade, economía e flexibilidade.
- C) Planificación, solvencia e avaliación continua.
- D) Responsabilidade social, eficacia, celeridade e compromiso coa atención aos cidadáns.

3. O empresario, de acordo co indicado no artigo 15.1 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, aplicará as medidas que integren o deber xeral de prevención con arreglo aos principios xerais que se establecen no mesmo. Sinale cal dos seguintes NON constitúe un principio xeral conforme ao indicado no referido artigo:

- A) Combatir os riscos na súa orixe.
- B) Dar as debidas instrucións aos traballadores.
- C) Establecer os controis da saúde dos traballadores.
- D) Adoptar as medidas que antepoñan a protección colectiva á individual.

4. De acordo co establecido no artigo 72 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, a esixencia de calquera tipo de compensación polos servizos prestados aos usuarios dos servizos de saúde, constitúe unha falta:

- A) É unha falta grave.
- B) É unha falta leve.
- C) É unha falta moi grave.
- D) Non está catalogada como falta na referida lei.

5. En relación cos principios reitores do Sistema Público de Saúde de Galicia, e de acordo co establecido no artigo 32 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, sinala cal dos relacionados de seguido NON é un principio reitor:

- A) A información sobre as formas de vida saudables, os recursos e os servizos existentes.
- B) A orientación cara á cidadanía e á participación social e comunitaria na formulación de políticas sanitarias, así como, do control das súas actuacións.
- C) A adecuación das prestacións sanitarias ás demandas de servizos da poboación e a adecuación do uso racional dos medicamentos.
- D) A participación e implicación dos profesionais no sistema sanitario.

6. De conformidade co establecido no artigo 33 da Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia, en materia de sanidade interior, á Comunidade Autónoma correspóndelle:

- A) A competencia exclusiva no seu ámbito territorial.
- B) O desenvolvemento legislativo e a execución da lexislación básica do Estado.
- C) A execución da normativa estatal.
- D) A competencia plena en sanidade interior.

7. En relación co establecido no artigo 19 da Lei 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, o paciente ten dereito:

- A) A obter copia de todos os documentos que forman parte da historia clínica, en todo caso.
- B) Ao acceso á documentación da historia clínica e a obter copia dos datos que figuran na mesma.
- C) Ao acceso á documentación da historia clínica pero non ten dereito a que se lle facilite copia dos documentos.
- D) Non ten o dereito de acceso á historia clínica, en ningún caso.

8. As convocatorias de acceso á condición de persoal estatutario fixo poderán establecer a superación dun período de formación como requisito previo á obtención do correspondente nomeamento. Durante ese período os aspirantes terán dereito a percibir:

- A) As retribucións básicas, incluídos, no seu caso, os trienios.
- B) As retribucións básicas, excluídos os trienios.
- C) As retribucións básicas e o complemento de destino.
- D) As retribucións básicas e o complemento de dispoñibilidade.

9. A Constitución Española de 1978 regula, no capítulo II do Título primeiro, os dereitos fundamentais e as liberdades públicas dos españois. Dos que se indican de seguido, sinala o dereito fundamental regulado no referido capítulo:

- A) O dereito á propiedade privada e á herdanza.
- B) O dereito dos traballadores e empresarios a adoptar medidas de conflito colectivo.
- C) O dereito á folga dos traballadores para a defensa dos seus intereses.
- D) O dereito á negociación colectiva laboral entre os representantes dos traballadores e empresarios.

10. Conforme ao establecido no artigo 19 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, os aspirantes nomeados nun proceso selectivo deben incorporarse ao destino adxudicado nun prazo de tempo determinado. Sinala o prazo indicado no referido artigo:

- A) Disporán do prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de a publicación no DOG da resolución de nomeamento.
- B) Disporán do prazo de 45 días contado desde o día seguinte ao de a publicación no DOG da resolución de nomeamento.
- C) Disporán do prazo de 20 días desde a finalización do prazo de interposición dos recursos contencioso-administrativos contra a resolución de nomeamento.
- D) O prazo é sempre flexible se a persoa interesada solicita antes da publicación da resolución de nomeamento definitiva.

1. Cando na convocatoria de acceso á condición de persoal estatutario fixo establézase a superación dun período formativo ou de prácticas, como requisito previo á obtención do correspondente nomeamento, a súa duración non poderá ser superior a:

- A) Dous meses.
- B) 1 mes.
- C) 90 días.
- D) Tres meses.

2. A Lei de saúde de Galicia establece que as unidades elementais de prestación de servizos sanitarios denomínanse:

- A) Áreas sanitarias.
- B) Xefaturas de servizos sanitarios.
- C) Zonas sanitarias.
- D) Estruturas organizativas de xestión integrada (EOXI)